



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Economía, Facenda e Réxime Interior

Convocatoria para a concesión de subvencións municipais destinadas a asociación e entidades sen ánimo de lucro do termo municipal de Culleredo e bases reguladoras da mesma

ANUNCIO

Por resolución do 7 de decembro de 2022, da Concelleira delegada de Participación Cidadá, Educación e Medio rural do Concello de Culleredo, aprobouse a convocatoria pública de subvencións municipais, destinadas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro do termo municipal de Culleredo para a reactivación do tecido asociativo e para atender as necesidades xurdidas como consecuencia da crise sanitaria provocada pola Covid 19.

Primeiro: Obxecto e período subvencionable. Subvencións municipais, destinadas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro do termo municipal de Culleredo para a reactivación do tecido asociativo e para atender as necesidades xurdidas como consecuencia da crise sanitaria provocada pola Covid -19

Segundo: Beneficiarios/as

Asociacións e entidades sen ánimo de lucro que cumpran os requisitos establecidos na base 2 e 3 da convocatoria.

Terceiro. Liñas de actuación

LIÑA DE ACTUACIÓN 1: PROMOCIÓN DE SERVIZOS, PROGRAMAS, PROXECTOS E ACTIVIDADES NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS

LIÑA DE ACTUACIÓN 2: PROMOCIÓN DE SERVIZOS, PROGRAMAS, PROXECTOS E ACTIVIDADES EN MATERIA DE IGUALDADE, CORRESPONSABILIDADE, LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO E DINAMIZACIÓN E EMPODERAMENTO NO ÁMBITO DA MULLER

LIÑA DE ACTUACIÓN 3: PROMOCIÓN DE SERVIZOS, PROGRAMAS, PROXECTOS E ACTIVIDADES DE ÁMBITO SOCIOSANITARIO

LIÑA DE ACTUACIÓN 4: PROMOCIÓN DO DEPORTE

LIÑA DE ACTUACIÓN 5: PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ E FOMENTO DA COMUNICACIÓN SOCIAL

LIÑA DE ACTUACIÓN 6: PROMOCIÓN DA EDUCACIÓN

LIÑA DE ACTUACIÓN 7: PROMOCIÓN DA DINAMIZACIÓN ECONÓMICA

LIÑA DE ACTUACIÓN 8: PROMOCIÓN DA CULTURA

Cuarto. Bases reguladoras.

Bases reguladoras da convocatoria pública de subvencións municipais, destinadas a asociación e entidades sen ánimo de lucro do termo municipal de Culleredo, publicadas na páxina web do concello (www.culleredo.es) e BDNS.

Quinto: Contía.

Contía total: 223.100 euros para as oito liñas de actuación.

A contía da subvención por beneficiario será como máximo o 100% do custo total do servizo, programa, proxectos ou actividade obxecto da subvención e, en todo caso, o importe fixado para cada liña de actuación establecido na base 3 das bases reguladoras.

Sexto: Lugar e prazo de presentación de solicitudes Lugar de presentación de solicitudes: Rexistro Municipal do Concello ou en calquera dos rexistros públicos previstos na Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Ademais tamén poderán presentarse de xeito telemático na sede electrónica do Concello de Culleredo.

Prazo de presentación de solicitudes: 15 días a partir da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña”.

Culleredo, a 14 de decembro de 2022

A concelleira delegada de participación cidadá, educación e medio rural

Asdo.: Jessica Méndez Sánchez

P.D. (Resolución do 16.12.2020, BOP núm. 225 de 31.12.2020)

2022/7947